

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE AGOSTO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González

NON ASISTE:

D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día vinte e tres de agosto do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra e D. Abraham Seijas González.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira, D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 16 DE AGOSTO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de agosto de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por catro votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as, Iglesias Lovelle, Liñares Gestal e Seijas González) e coa abstención, das Sras. concelleiras Pombo Carril, Figueroa Fuentes e Iglesias Becerra as cales manifestan que se absteñen por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 16 de agosto de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Edito do 13 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á exposición pública de padróns do prezo público polas prestacións de apoio á autonomía persoal e atención á dependencia (PAAD) dos meses de novembro e decembro de 2020. BOP núm. 156 do 18-08-2021.
- Anuncio do 16 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia na concelleira D.^a Yessica Méndez Sánchez para a celebración do matrimonio civil entre M.P.G. e D.P.C. o día 14 de agosto de 2021 ás 13.00 horas.

Código do documento	Código do expediente
USG15I02TX	USG/2021/137
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F07 5R72 705U 2F0D 17KO	

- Anuncio do 16 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á asunción pola Alcaldía das atribucións delegadas na concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, D.^a Marta María Iglesias Becerra, que estará ausente por vacacións desde o día 11 ata o día 22 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos, sen que implique alteración da competencia. BOP núm. 158 do 20-08-2021.
- Anuncio do 16 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á asunción pola Alcaldía das atribucións delegadas na concelleira delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, que estará ausente por vacacións desde o día 12 ata o día 22 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos, sen que implique alteración da competencia. BOP núm. 158 do 20-08-2021.
- Resolución do 3 de agosto de 2021, de Augas de Galicia, pola que se amplía o crédito da Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A). DOG núm. 157 do 17-08-2021.
- Resolución do 12 de agosto de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 161 do 23-08-2021.
- Resolución do 12 de agosto de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para os servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencias supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 161 do 23-08-2021.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)